



ACTA

II PREMIO POLA IGUALDADE CLARA CAMPOAMOR

Sendo ás 12.30 horas do mércores día 5 de marzo de 2008 nas dependencias da Concellería de Igualdade, sita na rúa da Concordia nº 20 – entrechán esquerda, reúnense os integrantes do xurado encargados de outorgar o II Premio pola Igualdade Clara Campoamor e que a continuación se relacionan: Marta Arribas González, concelleira de Igualdade, M^a Elena de Jesús Rodríguez, directora do CIMM, M^a. Dolores Sánchez Rivero, vicepresidenta da Asociación Montealegre, Julio Jiménez Féliz, médico forense, e María Jesús Vázquez Fernández, funcionaria da concellería actuando como secretaria.

Examinadas as propostas presentadas e os méritos aducidos das persoas e institucións merecedoras do premio, ó xurado acorda por unanimidade, conceder o **II Premio pola Igualdade Clara Campoamor** á Cátedra Caixanova de Estudos Feministas polo labor desenvolvido ó longo do tempo tanto no relativo a formación do alumnado como no concernente á investigación sobre xénero e os estudos sobre as mulleres.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase acta sendo as 12:30 h do que dou testemuña no lugar e data señalados no encabezamento asinando tódolos presentes a devantidata acta en proba de conformidade.